

rase ás solicitudes de axuda económica correspondentes á anualidade 2005 e posteriores.

Dado en Madrid o 17 de decembro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca
e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA

MINISTERIO DO INTERIOR

21333 *ORDE INT/4151/2004, do 9 de decembro, pola que se determinan os códigos comunitarios harmonizados e os nacionais que se deberán consignar en permisos e licenzas de condución. («BOE» 305, do 20-12-2004.)*

A través da orde do ministro do Interior do 13 de xuño de 1997, que determina os códigos comunitarios harmonizados e os nacionais que se deben consignar nos permisos e licenzas de condución, procedeuse a traspasar ao noso ordenamento xurídico a Directiva 97/26/CE, do 2 de xuño, que modifica a Directiva 91/439/CEE, do 29 de xullo, sobre o permiso de condución.

A Directiva 2000/56/CE, da Comisión, do 14 de setembro, modificou de novo os anexos I e I bis da citada Directiva 91/439/CEE, co alfo de adaptar os códigos comunitarios harmonizados en razón do progreso científico e técnico experimentado neste ámbito e da experiencia práctica adicional obtida coas adaptacións precedentes.

Ademais, a citada lista de códigos comunitarios harmonizados que se regulan nos anexos I e I bis da Directiva 91/439/CEE, foi tamén modificada pola Directiva 2003/59/CE, do 15 de xullo, relativa á cualificación inicial e á formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada, ao incorporar nela un novo código comunitario harmonizado, o código 95.

Todas estas modificacións deben ser obxecto de transposición ao noso ordenamento interno.

Por outra parte, faise necesario incluír un novo código nacional que exprese a data de primeira expedición dun permiso ou licenza de condución, a fin de acreditar a súa antigüidade, especialmente en casos de prórroga fóra de prazo ou de troco dun permiso ou licenza anteriores.

Na súa virtude, de acordo co disposto no número segundo do artigo 4 e na disposición derradeira única do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Primeiro. Códigos comunitarios harmonizados.—Os códigos comunitarios harmonizados, ben como o significado de cada un deles, válidos en todos os Estados membros da Unión Europea, son os que se indican no anexo I da presente orde.

Cando se considere necesario poderanse establecer dentro destes códigos os subcódigos que igualmente se indican nese anexo, identificados con díxitos complementarios, acomodándoos ás directrices comunitarias.

Segundo. Códigos nacionais.—Os códigos e subcódigos nacionais, ben como o significado de cada un deles, válidos unicamente en territorio español, son os que se indican no anexo II da presente orde.

Terceiro. Constancia no permiso e licenza de condución.—Os códigos e subcódigos consignaranse, cando procedan, na páxina 4, número 2.d) 2.º do modelo comunitario de permiso de condución que figura no anexo I ou na páxina 2, número 1.º (12) do modelo comunitario alternativo de permiso de condución que figura no anexo I bis do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 772/1997, do 30 de maio. Na licenza de condución figurará na páxina 4, alínea d) do modelo de licenza de condución que figura no anexo II do mencionado regulamento.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Queda derogada a orde do 13 de xuño de 1997 pola que se determinan os códigos comunitarios harmonizados e os nacionais que se deberán consignar en permisos e licenzas de condución, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto na presente norma.

Disposición derradeira única. Entrada en vigor.

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 9 de decembro de 2004.

ALONSO SUÁREZ

ANEXO I

Códigos comunitarios harmonizados

Códigos	Subcódigos	Causas médicas. Significado
01		Corrección e protección da visión:
	01.01	Lentes.
	01.02	Lente ou lentes de contacto.
	01.03	Cristal de protección.
	01.04	Lente opaca.
	01.05	Recubrimiento do ollo.
	01.06	Lentes ou lentes de contacto.
02		Prótese auditiva/axuda á comunicación:
	02.01	Prótese auditiva dun oído.
	02.02	Prótese auditiva dos dous oídos.

Códigos	Subcódigos	Causas médicas. Significado
03		Próteses/órteses do aparello locomotor:
	03.01	Próteses/órteses dos membros superiores.
	03.02	Próteses/órteses dos membros inferiores.
05		Limitacións (subcódigo obrigatorio, condución con restricións por causas médicas):
	05.01	Limitación a condución diúrna (por exemplo, desde unha hora despois do amañecer até unha hora antes do anoitecer).
	05.02	Limitación de condución no raio de km do lugar de residencia do titular, ou dentro da cidade ou rexión.
	05.03	Condución sen pasaxeiros.
	05.04	Condución cunha limitación de velocidade de km/h.
	05.05	Condución autorizada unicamente en presenza do titular dun permiso de condución.
	05.06	Sen remolque.
	05.07	Condución non permitida en autoestrada.
	05.08	Exclusión do alcohol.
10		Transmisión adaptada:
	10.01	Transmisión manual.
	10.02	Transmisión automática.
	10.03	Transmisión accionada electronicamente.
	10.04	Panca de cambios adaptada.
	10.05	Sen caixa de cambios secundaria.
15		Embrague adaptado:
	15.01	Pedal de embrague adaptado.
	15.02	Embrague manual.
	15.03	Embrague automático.
	15.04	Separación diante do pedal de embrague/pedal abatible/extraíble.
20		Mecanismos de freo adaptados:
	20.01	Pedal de freo adaptado.
	20.02	Pedal de freo agrandado.
	20.03	Pedal de freo accionado polo pé esquerdo.
	20.04	Pedal de freo que encaixa na sola do calzado.
	20.05	Pedal de freo con inclinación.
	20.06	Freo de servizo manual (adaptado).
	20.07	Utilización máxima do freo de servizo reforzado.
	20.08	Utilización máxima do freo de emerxencia integrado no freo de servizo.
	20.09	Freo de estacionamento adaptado.
	20.10	Freo de estacionamento accionado electricamente.
	20.11	Freo de estacionamento (adaptado) accionado polo pé.
	20.12	Separación diante do pedal de freo/pedal abatible/extraíble.
	20.13	Freo accionado polo xeonllo.
	20.14	Freo de servizo accionado electricamente.
25		Mecanismos de aceleración adaptados:
	25.01	Pedal de acelerador adaptado.
	25.02	Pedal de acelerador que encaixa na sola do calzado.
	25.03	Pedal de acelerador con inclinación.
	25.04	Acelerador manual.
	25.05	Acelerador de xeonllo.
	25.06	Servoacelerador (electrónico, pneumático, etc.).
	25.07	Pedal de acelerador á esquerda do pedal de freo.
	25.08	Pedal de acelerador á esquerda.
	25.09	Separación diante do pedal do acelerador/pedal abatible/extraíble.
30		Mecanismos combinados de freo e de aceleración adaptados:
	30.01	Pedais paralelos.
	30.02	Pedais ao mesmo nivel (ou case).
	30.03	Acelerador e freo esvaradíos.
	30.04	Acelerador e freo esvaradíos e con órteses.

Códigos	Subcódigos	Causas médicas. Significado
35	30.05	Pedais de acelerador e freo abatibles/extraíbles.
	30.06	Piso elevado.
	30.07	Separación ao lado do pedal de freo.
	30.08	Separación para prótese ao lado do pedal de freo.
	30.09	Separación diante dos pedais de acelerador e freo.
	30.10	Soporte para o talón/para a perna.
	30.11	Acelerador e freo accionados electricamente.
		Dispositivos de mandos adaptados (Interruptores dos faros, lava/limpaparabrisas, bucina, intermitentes, etc):
	35.01	Dispositivos de mando accionables sen alterar a condución nin o control.
	35.02	Dispositivos de mando accionables sen descoidar o volante nin os accesorios (de pomo, de forquita, etc).
	35.03	Dispositivos de mando accionables sen descoidar o volante nin os accesorios (de pomo, de forquita, etc.) coa man esquerda.
40	35.04	Dispositivos de mando accionables sen descoidar o volante nin os accesorios (de pomo, de forquita, etc.) coa man dereita.
	35.05	Dispositivos de mando accionables sen descoidar o volante nin os accesorios (de pomo, de forquita, etc.) nin os mecanismos combinados de aceleración e freo.
		Dirección adaptada:
	40.01	Dirección asistida convencional.
	40.02	Dirección asistida reforzada.
	40.03	Dirección con sistema auxiliar.
	40.04	Columna de dirección alongada.
	40.05	Volante axustado (volante de sección máis grande ou mais grosa, volante de diámetro reducido, etc.).
	40.06	Volante con inclinación.
	40.07	Volante vertical.
	40.08	Volante horizontal.
	40.09	Condución accionada co pé.
	40.10	Dirección alternativa axustada (accionada por panca, etc.).
42	40.11	Pomo no volante.
	40.12	Volante con órtese da man.
	40.13	Con órtese de tenodese.
		Retrovisor(es) adaptado(s):
	42.01	Retrovisor lateral exterior (esquerdo ou dereito).
	42.02	Retrovisor exterior implantado na aleta.
	42.03	Retrovisor interior suplementario para controlar o tráfico.
43	42.04	Retrovisor interior panorámico.
	42.05	Retrovisor para evitar o ángulo morto.
	42.06	Retrovisor(es) exterior (es)accionables electricamente.
		Asento do condutor adaptado:
	43.01	Asento do condutor a unha altura adecuada para a visión e a unha distancia normal do volante e o pedal.
	43.02	Asento do condutor axustado á forma do corpo.
	43.03	Asento do condutor con soporte lateral para mellorar a estabilidade en posición sentado.
44	43.04	Asento do condutor con pousabrazos.
	43.05	Asento do condutor esvaradío con gran percorrido.
	43.06	Cintos de seguranza adaptados.
	43.07	Cinto de suxeición en catro puntos.
		Adaptacións da motocicleta (subcódigo obrigatorio):
	44.01	Freo de man único.
	44.02	Freo (axustado) accionado coa man (roda dianteira).
	44.03	Freo (axustado) accionado co pé (roda traseira).
	44.04	Comando de aceleración (axustado).
	44.05	Transmisión e embrague manuais (axustados).
	44.06	Retrovisor(es) axustado(s).
	44.07	Mandos (axustados) (intermitentes, luz de freo,...).
	44.08	Altura do asento axustada para permitir ao condutor alcanzar o chan cos dous pés en posición sentado.

Códigos	Subcódigos	Causas médicas. Significado
45		Unicamente motocicletas con sidecar.
50		Limitado a un vehículo/un número de chasis específico (número de identificación do vehículo, NIV).
51		Limitado a un vehículo/matricula específicos (número de rexistro do vehículo, NRV).

Códigos	Subcódigos	Aspectos administrativos significado
70		Troca do permiso n.º ... expedido por ... (símbolo EU/ONU, se se trata dun terceiro país); exemplo: 70.0123456789.CH).
71		Duplicación do permiso n.º ... (símbolo EU/ONU, se se trata dun terceiro país); exemplo: 71.987654321.AND).
72		Limitado aos vehículos de categoría A cunha cilindrada máxima de 125 cc e unha potencia máxima de 11 kW (A1).
73		Limitado aos vehículos de categoría B, de tipo triciclo ou cuadríciclo de motor (B1).
74		Limitado aos vehículos de categoría C cuxa masa máxima autorizada non exceda os 7.500 kg (C1).
75		Limitado aos vehículos de categoría D cun máximo de 16 asentos, sen contar o do condutor (D1).
76		Limitado aos vehículos de categoría C cuxa masa máxima autorizada non exceda os 7.500 kg (C1), cun remolque cuxa masa máxima autorizada exceda 750 kg, a condición de que a masa máxima autorizada do conxunto así formado non exceda 12.000 kg e que a masa máxima autorizada do remolque non exceda masa en baleiro do vehículo tractor. (C1+E).
77		Limitado aos vehículos de categoría D cun máximo de 16 asentos, sen contar o do condutor (D1), cun remolque cuxa masa máxima autorizada exceda 750 kg a condición de que: a) A masa máxima autorizada do conxunto así formado non exceda 12.000 kg, a masa máxima autorizada do remolque non exceda masa en baleiro do vehículo tractor, e b) O remolque non se utilice para o transporte de persoas (D1+E).
78		Limitado a vehículos con transmisión automática (Directiva 91/439/CEE, anexo II, 8.1.1., 2 e anexo VII, número A), parágrafo 4, do Regulamento xeral de condutores).
79		(...) Limitado aos vehículos que cumpren as prescricións indicadas entre paréntese no marco da aplicación do número 1 do artigo 10 da Directiva. 90.01: á esquerda. 90.02: á dereita. 90.03: esquerda. 90.04: dereita. 90.05: man. 90.06: pé. 90.07: utilizable.
95		Condutor titular do CAP que satisfai a obriga de aptitude profesional prevista no artigo 3 da Directiva 2003/59/CE, válido até o ... (por exemplo: 95.01.01.2012).

ANEXO II

Códigos nacionais

Códigos	Subcódigos	Significado
101		Aplicable ao permiso das clases D1 e D. Limitado á condución de autobuses en traxectos de percorrido curto, entendendo por tales aqueles cuxo raio de acción non sexa superior a 50 quilómetros arredor do punto en que se encontre normalmente o vehículo (artigo 7.2 do Regulamento xeral de condutores).
102		Permiso ou licenza de condución cuxa vixencia foi prorrogada dentro do prazo de catro anos, contado desde a data en que caducou (artigo 17.3, inciso primeiro, do Regulamento xeral de condutores).
103		Permiso ou licenza de condución obtido despois de transcorridos catro anos desde que caducou o seu período de vixencia (artigo 17.3, inciso final, do Regulamento xeral de condutores).
104		Permiso ou licenza de condución obtidos ou prorrogados por un período de vixencia inferior ao normal establecido: 1 Por período de até un ano. 2 Por período de máis dun ano e non superior a dous. 3 Por período de máis de dous anos e non superior a tres. 4 Por período de máis de tres anos e non superior a catro. 5 Por período de máis de catro anos e non superior a cinco. 6 Por período de máis de cinco anos e inferior a dez.

Códigos	Subcódigos	Significado
105		Velocidade máxima limitada, por causas administrativas, a:
	1	70 quilómetros por hora.
	2	80 quilómetros por hora.
	3	90 quilómetros por hora.
	4	100 quilómetros por hora.
106		Data de primeira expedición do permiso. Exemplo: 106.1. (16.7.72):
	1	Permiso novo, por terse solicitado a súa prórroga fóra de prazo.
	2	Troco de permiso militar.
	3	Troco de permiso estranxeiro.
171		Duplicación de permiso ou licenza de condución:
	1	Duplicación por perda.
	2	Duplicación por deterioración.
	3	Duplicación por subtracción.
	4	Duplicación por variación de datos.
200		Anexo ao permiso ou licenza de condución. O titular deberá levar un documento expedido pola xefatura provincial de Tráfico en que figuren as condicións de utilización do vehículo.
201		Anexo ao permiso ou licenza de condución. O permiso ou licenza non serán válidos sen un documento en que figure o texto da resolución que determina os períodos de tempo en que se deberá cumprir a sanción de suspensión da autorización.

XEFATURA DO ESTADO

21421 LEI 1/2004, do 21 de decembro, de horarios comerciais. («BOE» 307, do 22-12-2004.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A definición dos horarios comerciais veu constituíndo en todo momento unha peza de especial sensibilidade na regulación do exercicio da actividade comercial retailista. Así, a Lei orgánica 2/1996, do 15 de xaneiro, complementaria da Lei de ordenación do comercio retailista, estableceu no seu artigo 2 o principio da liberdade de cada comerciante para determinar, sen limitación ningunha en toda España, o horario de apertura e feche dos seus establecementos comerciais, así como os días festivos ou non e o número de horas semanais en que desenvolver a súa actividade, dentro das regras establecidas na propia lei. A mencionada lei orgánica sinalaba que o principio de liberdade de horarios non podía ser de aplicación inmediata polos efectos que este réxime podería ter sobre o sector e, por isto, estableceu un réxime transitorio, que non podería ser revisado antes do 1 de xaneiro do ano 2001.

Por este motivo, e seguindo determinadas regras, acordouse unha modulación na súa aplicación até o ano 2001. Recoñeceuse a plena liberdade para determinados tipos de establecementos e para aqueles que non desfrutaban desta liberdade fixouse unha apertura autorizada, como mínimo, de oito domingos ou festivos e unha liberdade de apertura que non podía restrinxirse a menos de 72 horas semanais. Estes dous límites podían ser ampliados polas comunidades autónomas.

O Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, no seu artigo 43, desprazou as regras transitorias da Lei orgánica 2/1996, ampliando o réxime transitorio durante 4 anos máis e establecendo unha nova regulación que incrementou gradualmente o número de domingos e festivos de apertura autorizada até chegar a doce para o ano 2004. É dicir, a discusión sobre a liberdade de horarios ou a eventual aplicación dun réxime de liberdade de horarios adiouse do 1 de xaneiro de 2001 ao 1 de xaneiro de 2005. Así, o número un deste artigo sinala que «a liberdade absoluta de horarios e de determinación de días de apertura dos comerciantes non será de aplicación até que o Goberno, conxuntamente co Goberno de cada unha das comunidades autónomas, así o decidan para o seu correspondente territorio e non antes do 1 de xaneiro do ano 2005».

As regras establecidas no Real decreto lei 6/2000 marcaron unha práctica de doce aperturas en festivos entre consumidores e comerciantes que se considera que constitúe un marco de referencia adecuado para a nova regulación.

En consecuencia, a adopción dun novo réxime de horarios comerciais resulta urxente, pola necesidade de dispor dunha norma antes do 1 de xaneiro de 2005, que dote dun novo marco legal que dea seguridade xurídica e que permita a aprobación dos novos calendarios comerciais para 2005.

A presente lei pretende fixar un marco estatal de carácter estable, resultado do consenso máis amplo posible coas principais asociacións representantes dos consumidores, dos intereses empresariais, os sindicatos e as comunidades autónomas.

O obxectivo da presente regulación básica é promover unhas adecuadas condicións de competencia no sector, contribuír a mellorar a eficiencia na distribución comercial retailista, lograr un adecuado nivel de oferta para os consumidores e axudar a conciliar a vida laboral e familiar dos traballadores do comercio. Esta norma permitirá que cada comunidade autónoma adecue o seu réxime de horarios ás características e ao modelo de comercio de cada unha delas.